



VILLANUEVA GESTEIRA, Malores (2019): *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*. Vigo: Galaxia, 196 pp.

Antonio Fraguas Fraguas é o persoeiro a quen a Real Academia Galega decidiu homenaxear no día das Letras Galegas deste ano 2019. Con este festexo, os traballos sobre a súa figura, certamente pouco estudada no ámbito educativo e, por tanto, pouco coñecida pola sociedade galega en xeral, non se fixeron agardar e, xunto coas iniciativas levadas a cabo polas institucións ou polos propios centros de ensino, a profesora e escritora Malores Villanueva Gesteira foi a encargada de nos achegar a biografía que titulou moi acertadamente como *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*.

A estrutura do texto, caracterizada por apartados breves que funcionan como pausas necesarias para subliñar aqueles acontecementos de maior transcendencia durante a vida do mestre, permite unha lectura sinxela e entretida, capaz de nos transportar aos mesmos anos do propio Antonio, para quen a vida tivo agasallos doces mais tamén amargos, que marcarían a súa vida, pero que non acabarían por apagar a chama sempre ardente do seu activismo intelectual.

Afondarmos na súa lectura non só é coñecer a importancia dun home que traballou incansablemente co obxectivo de divulgar os diferentes alicerces que configuran o noso pasado como pobo, pois entre as súas facetas cabe destacar a de historiador ou a de etnógrafo, senón que tamén permiten coñecer a propia autora, a Malores Villanueva, posto que nas páxinas do texto agroma un latente e especial agarimo no coidado do quefacer investigador como biógrafa. E este cariño quizais estea relacionado con que o mestre da memoria e a profesora compartan lugar de nacemento, Cotobade (Pontevedra), ou quizais porque o traballo de Antonio Fraguas fala por si mesmo, tal e como demostra Villanueva ao longo do texto, e por iso é innegable recoñecermos o seu ímpetu profesional e vital.

Dedicación e rigor tamén son outras das características que definen este imprescindible contributo para o estudo da figura de Antonio Fraguas, xa que o contido está sustentado nunha base bibliográfica extensa, que incorpora numerosos textos do propio homenaxeado, e que se completa, por un lado, coa consulta de diferentes arquivos, como por exemplo o Fondo Antonio Fraguas do Museo do Pobo Galego ou o Museo de Pontevedra; e, por outro lado, co estudo doutras fontes máis directas como as propias entrevistas que a profesora Villanueva levou a cabo para enriquecer a súa investigación.

Polo que concirne á propia figura homenaxeada, e desde o punto de vista ideolóxico e intelectual, amósasenos a Antonio Fraguas como unha persoa inqueda e interesada polo país, posto que ademais de formar parte decisiva na elaboración do noso Estatuto de Autonomía (p. 80), tamén foi membro activo e incansable do Seminario de Estudos Galegos (p. 53), así como afiliado das Irmandades da Fala de Santiago e posteriormente cofundador do Partido Galeguista (pp. 66-74). A súa presenza nestes ámbitos confórmasse como xustificación máis que dabonda para que reparemos nel e consideremos, por tanto, esta biografía como unha lectura esencial que enriquece a nosa comunidade, pois nela contense a vida dun personaxe clave para Galicia. Por tanto, con Fraguas, e da man de Villanueva, acéndese un facho que insta ao non esquecemento dunha historia de noso.

Con todo, Antonio Fraguas ademais de destacar por este seu compromiso político ou polo labor investigador, con traballos pioneiros no ámbito da etnografía, principalmente en relación coa cultura inmaterial, de entre os que podemos destacar, por exemplo, o estudo *A festa popular en Galicia* de 1995, *Romarias e Santuarios* de 1988 ou o libro *Aportación ao cancionero de Cotobade* de 1985 –todos eles e outros máis debidamente referenciados e esgrimidos pola profesora Villanueva na

presente biografía—, tamén sobresaíu e foi moi apreciado no ámbito educativo, pois Fraguas foi ante todo un mestre.

Neste, don Antonio recordaría con felicidade o momento en que recuperou a súa Cátedra de Xeografía e Historia tras sufrir a crúa e dolorosa represión franquista. Así pois, o docente volvería ás aulas en 1950 e faríao no actual Lucus Augusti. Foi precisamente nesta cidade, tal e como menciona a profesora Villanueva, o lugar onde recuperaría a liberdade (p. 107) e onde puido, en fin, continuar co seu bo facer didáctico. Influenciado directamente pola Institución Libre de Enseñanza, o alumnado que tivo como docente a Antonio Fraguas recórdao como un profesor tolerante e aberto, “exerce[ndo] o seu maxisterio dende os coñecementos e o afecto, sempre disposto a escoitar e a debater” (p. 109). Neste sentido, Fraguas conformouse naquela altura como un verdadeiro innovador na súa praxe, posto que esta boa disposición e o interese que tiña porque o alumnado estivese motivado está enteiramente relacionado co que a pedagogía coñece como “aprender a aprender”, unha das múltiples competencias que deben ser desenvoltas no ensino e que precisamente está recollida na lexislación educativa actual.

A todo este seu labor e compromiso debemos engadir aínda outro ámbito no que Antonio Fraguas destacou por ser un dos pioneiros, pois na súa etapa estudantil en Santiago encontra tempo para facer as súas primeiras incursións como locutor de radio. Neste ámbito leva con entusiasmo e, por vez primeira, en galego unha pequena sección que lle permitiu ser un voceiro divulgativo de toda a nosa riqueza cultural, desde a literatura, a música ata cuestións de carácter máis científico.

Toda unha vida dedicada a Galicia tróuxolle no final da súa andaina o recoñecemento das persoas que o coñecían, tanto do ámbito familiar, veciñal e profesional como intelectual e así Fraguas recibiu numerosos premios, entre os que cabe destacar a medalla Castelao, o Pedrón de Ouro ou o Premio das Artes e das Letras de Galicia (p.v174).

Con todo, o mellor premio de Antonio Fraguas non o recibiría el, senón que o recibiríamos todos nós, a sociedade galega. A súa figura deixounos tras de si un ronsel de amor e servizo á terra, que se reflicte no seu inmenso legado intelectual e que collería forma nun dos seus proxectos máis ambiciosos: O Museo do Pobo Galego. Este espazo, que comezou a crecer a partir de 1977 con Fraguas como director, recolle o espírito enteiro do mestre, pois nel custódíase a súa biblioteca, composta por máis de 12.000 volumes de todo tipo, e alí descansa con orgullo e respecto a tradición e as raíces dun pobo que el mesmo vía esmorecer co tempo. Alí, no Museo do Pobo Galego, vive a alegría de pertencer a unha orixe, a labrega:

Eu, claro, era “un da aldea”, un da aldea que non sabía falar castelán, e tiven que aprender ben o castelán... pero, iso si, tiven sempre o calificativo “el de la aldea”. Cando rematou o curso preguntaron: “¿Quién llevó la otra [matrícula de debuxo]?”, “El de la aldea, Fraguas”... Aquilo xa me deu a min o título de nobreza. Desde que entrei no instituto eu non deixei de ser “o da aldea”. Houbo xa momentos en que presumía de que era “o da aldea”. (pp. 35-36).

Paula Cousillas Pena  
 Universidad Complutense de Madrid  
 paulacou@ucm.es